

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E DOUS**

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo, sendo as trece horas e trinta minutos do día vinte e oito de xullo de dous mil vinte e dous, e previa a oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión ordinaria, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o Sr. Alcalde, don José Ramón Rioboo Castro, e asisten:

### **Polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE:**

D<sup>a</sup> MARÍA GUADALUPE POMBO CARRIL  
D<sup>a</sup>MARTA MARÍA FIGUEROA FUENTES  
D. JUAN CARLOS IGLESIAS LOVELLE  
D<sup>a</sup>. MARTA MARÍA IGLESIAS BECERRA  
D. MIGUEL SUÁREZ GARCÍA  
D<sup>a</sup>. YESSICA MÉNDEZ SÁNCHEZ  
D. MARIO ALFONSO IGLESIAS GÓMEZ  
D. CARLOS LIÑARES GESTAL  
D<sup>a</sup> SUSANA AMOR FERNÁNDEZ  
D. ABRAHAM SEIJAS GONZÁLEZ

### **Polo Grupo Político Popular:**

D<sup>a</sup>. IZASKUN GARCÍA GOROSTIZU  
D. ALFONSO RICO VERA  
D. ANTÓN PRIETO GARCÍA

### **Polo Grupo Político Bloque Nacionalista Galego:**

D. ENRIQUE ANTONIO CHOUCIÑO GARRIDO  
D. GONZALO MÉNDEZ MOSQUERA

### **Polo Grupo Político Alternativa dos Veciños:**

D<sup>a</sup>. MARÍA ALICIA FERREIRO VARELA  
D. EDUARDO JOSÉ MOURELLE BOTANA  
D<sup>a</sup>. SANDRA MARZOA GARCÍA

Non asisten á sesión as concelleiras do grupo político do PSdeG-PSOE dona María Penélope López Díaz e a concelleira do grupo político do BNG, dona Beatriz Pérez Mosquera.

Asiste á sesión a interventora municipal, dona Sonia Corral Corral e dá fe do acto o secretario xeral accidental, don Francisco Javier Varela Tejedor.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

## **1. PROPOSTA SOBRE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EXCMA. DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA RÚA ANDRÉS PAN VIEIRO".**

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta do Sr. alcalde, de data 18 de xullo do ano 2022 (código de documento UAL16I0073), ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Medioambiente, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Persoal, Mocidade, Voluntariado e Protección Civil na sesión de data 21 de xullo do ano 2022, que transcrita di:

**"ASUNTO: "Solicitud de subvención nominativa á Excm. Deputación de A Coruña para a "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro.**

Tendo en conta o proxecto "MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA E RENOVACIÓN DE PAVIMENTOS NA RÚA ANDRÉS PAN VIEIRO". O Pleno do Concello de Culleredo celebrado en sesión ordinaria o 28 de outubro de 2021, adoptaba o acordo de solicitar a Deputación Provincial de A Coruña unha subvención nominativa para tal fin.

Tendo en conta o requirimento da Deputación da Coruña de data 6 de xuño de 2022 no que indica:

*"Co obxecto de formalizar un convenio de cooperación co Concello de Culleredo coa finalidade de cofinanciar a Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro, cunha dotación orzamentaria de 406.755,51€, e unha vez revisada polos Servizos Provinciais a documentación presentada polo Concello, requíreselle para que, na maior brevidade posible, subsane o complete a que a continuación se relaciona:*

1. *Certificado do acordo do órgano Colexiado competente de aprobación da solicitude da subvención no que conste:*
  - a) *As razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuir economicamente no desenvolvemento do proxecto.*
  - b) *Circunstancias que impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou a un plan da Deputación, e en especial no caso de concellos ao Plan único POS+.*
  - c) *Importe total do orzamento do proxecto e coeficiente de financiamento solicitado.*
2. *Calendario de realización e xustificación do investimento, deberá conter:*
  1. *Previsión das datas de inicio e de finalización do investimento*
  2. *Prazo total de execución estimado*
  3. *Prazo de xustificación dos investimentos propostos.*
3. *Informe da intervención municipal, sobre a situación económico-financeira do concello que poña de manifesto a súa incapacidade para o financiamento total do proxecto, co fin de motivar o financiamento provincial solicitado (coeficiente de financiación). Todo iso referido ao momento da solicitude municipal.*
4. *Documento contable de "retención de crédito" ou informe actualizado de existencia de crédito adecuado e suficiente para a achega municipal prevista.*
5. *Certificación acreditativa de ter aprobada a Conta Xeral do último exercicio cuxo prazo de presentación estea esgotado e de tela presentada diante dos órganos de control externo."*

Emitido informe da intervención municipal, sobre a situación económico-financeira do concello que poña de manifesto a súa incapacidade para o financiamento total do proxecto, co fin de motivar o financiamento provincial solicitado (coeficiente de financiación), referido ao momento da solicitude municipal de data 3 de xullo de 2022

En relación co anterior esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO Ó PLENO DA CORPORACIÓN:**

**PRIMEIRO.-** Ratificar o contido do acordo plenario adoptado en sesión ordinaria do día 28 de outubro de 2021, polo que se solicitou unha subvención nominativa á Deputación Provincial de A Coruña, para a execución do proxecto de "Mellora da seguridade viaria e renovación de pavimentos na Rúa Andrés Pan Vieiro"

**SEGUNDO.-** Modificar o financiamento recollido no acordo adoptado polo Pleno do Concello de Culleredo en sesión ordinaria de 28 de outubro de 2021, especificando o coeficiente de financiamento do Concello, conforme ó seguinte:

Financiamento do investimento:

| Orzamento total | Deputación   | Concello     | Coeficientes de financiamento |          |
|-----------------|--------------|--------------|-------------------------------|----------|
| 406.755,51 €    | 250.000,00 € | 156.755,51 € | Deputación                    | Concello |
|                 |              |              | 61,46%                        | 38,54%   |

**TERCEIRO.-** O Concello de Culleredo comprométese a habilitar o crédito necesario para o financiamento da parte non subvencionada pola Deputación de A Coruña, de resultar beneficiario da subvención de acordo co solicitado, isto é: 156.755,51 €, para o que consta crédito adecuado e suficiente que se acredita no expediente a medio de incorporación de documento contable RC núm 31/2022-220220005430 de data 4 de julio de 2022 emitido pola Intervención municipal.

**CUARTO.-** Declarar que o concello de Culleredo ten aprobada a Conta Xeral do exercicio 2021 en data 20 de outubro de 2021 e a mesma foi presentada en data 25 de outubro de 2021 diante dos órganos de control externo

**QUINTO.-** Ratificar o contido do informe de necesidade asinado dixitalmente en data 15 de julio de 2022, no que atendendo ao requirimento practicado pola Deputación Provincial da Coruña acredita as razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto, e así mesmo, as circunstancias que impiden ou dificultan acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou a un plan da Deputación, e en especial no caso de concellos ao Plan único POS+, que se transcribe no seu literal:

*"Razóns de interese público de carácter cultural, deportivo, social, económico ou humanitario, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, deba contribuír economicamente no desenvolvemento da actividade ou proxecto, e impidan ou dificulten acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.*

#### **Antecedentes.**

A Rúa Andrés Pan Vieiro sitúase na malla urbana do Burgo, polo que conta cun tránsito de persoas moi elevado. Ademais, considérase unha zona de especial importancia polo tránsito de nenos e nenas debido a que no seu extremo Sur localízase o Conservatorio municipal de música de Culleredo, ademais de ser un dos itinerarios naturais que segue a poboación cara ó CEIP Isaac Díaz Pardo, o polideportivo de O Burgo, o campo de fútbol a Lavandeira e o centro de saúde de Acea de Ama, polo que o número de persoas potencialmente beneficiarias do investimento que estamos a solicitar é moi alto.

#### **Situación actual.**

O Concello de Culleredo está a realizar nestes últimos anos actuacións de mellora dos espazos urbanos, tendo especial atención a aqueles nos que se manifestan problemas de accesibilidade ou seguridade viaria como é o caso da rúa Andrés Pan Vieiro.

Tal e como consta no informe do enxeñeiro de obras públicas (código de documento UME15I03HW), existen múltiples deficiencias que afectan á seguridade e accesibilidade da mesma:

Os pasos de peóns non cumpren normativa, xa que están separados do borde do viario o que reduce a visibilidade dos peóns para cruzar a vía, feito que se ve empeorado ao ter aparcamentos de vehículos previos aos cruces, incumprindo o establecido na NORMA 8.1-IC "SINALIZACIÓN VERTICAL".

Os aparcamentos en oblicuo da marxe dereita están deseñados para estacionar marcha cara a diante, o que limita a visibilidade na saída dos vehículos estacionados dado que se realiza marcha atrás, aumentando a perigosidade do viario.

Sería necesario realizar diferentes actuacións para o cumprimento da lexislación de accesibilidade, tales como a realización de barbacanas coas baldosas podotáctiles e direccionais correspondentes segundo a Orde VIV/561/2010, de 1 de febreiro, pola que se desenvolve o documento técnico de condicións básicas de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados, a realización das prazas PMR segundo marca a normativa, etc.

Salientar tamén, que no proxecto construtivo identifícanse problemas como a falta de iluminación nos pasos de peóns existentes que afecta á seguridade dos mesmos, e a falta de tecnoloxía LED o que supón un maior consumo eléctrico e polo tanto emisións de CO<sub>2</sub>, polo que se considera necesario realizar a renovación da iluminación como medida de mellora de seguridade e de eficiencia enerxética.

O proxecto construtivo corrixe todas as carencias expostas anteriormente.

Compre sinalar, que os recursos cos que conta este Concello, máis aqueles que pode xestionar a través de liñas de subvencións por concorrencia, son insuficientes para cubrir as necesidades que demandan os cidadáns e que urxe acometer.

#### **Conclusión:**

O Concello de Culleredo é responsable dos viarios públicos da súa titularidade e do mantemento e conservación dos mesmos en condicións de seguridade e accesibilidade dos mesmos.

Razóns as expostas, polas que se propón por motivos de interese público a solicitude de subvención nominativa para esta actuación á Deputación da Coruña:

1. Dado o elevado número de solicitudes de melloras de carácter social e interese público como son cuestións de seguridade e accesibilidade en espazos municipais como rúas, prazas, equipamentos.
2. No momento de presentación da solicitude non estaba aberto prazo algún para incluír este proxecto nun programa de subvencións de concorrencia competitiva ou plan provincial adecuado ás urxentes necesidades descritas; necesidades e circunstancias que requiren por parte dos responsables municipais dun excepcional esforzo económico na prestación de servizos de competencia municipal.
3. Tendo en conta que o Concello de Culleredo estaría disposto a cofinanciar a actuación que nos ocupa, considerando que a obra xa foi incluída no anexo de inversións do orzamento municipal aprobado para o ano 2022 cunha consignación total de 406.755,51 euros, considerando 156.755,51 euros de recursos propios, e 250.000,00 € de financiamento con recursos afectados referentes á presente solicitude de subvención nominativa,.
4. O Concello de Culleredo interesa da colaboración da Deputación da Coruña a través da concesión dunha subvención nominativa por importe de 250.000 euros, investimento que conta cun orzamento total de 406.755,51 euros, resultando un coeficiente de cofinanciamento do 61,4%."

**SEXTO.-** Dar traslado do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, así como aos departamentos municipais afectados polo contido do mesmo."

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, tal como explicou na correspondente comisión informativa, desde a Deputación solicitaron aclaracións á solicitude inicial que fixo Culleredo para a referida subvención nominativa, formalizar prezos e xustificar un pouco máis a propia solicitude de subvención, polo que se trae novamente a pleno para poder executar a obra e optar á subvención para o arranxo da rúa Andrés Pan Vieiro.

*(antes do punto de rogos e preguntas o Sr. alcalde informa de que neste apartado hai un erro pois a Conta Xeral que se debe referir é a do 2020 e non a do 2021 como figura)*

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que xa preguntaron cando se trouxo esta proposta na fase previa cal é o criterio que aplica o goberno municipal para escoller os investimentos e priorizalos e di que se se transcorre pola rúa Andrés Pan Vieiro vese que os coches teñen que aparcar cara atrás, ao igual que practicamente en todo Culleredo, e que conta cun pavimento que está en boa situación, engadindo que mesmo a carón dela está a rúa Moncho Reboiras que precisa bastante máis dunha actuación deste tipo e dun investimento dese volume.

Responde o Sr. alcalde e di que o criterio é mellorar todas esas rúas que teñen ese tipo de beirarrúas e vanse substituír polas baldosas que se están a colocar actualmente; que aí había que mellorar bastante a seguridade viaria e, en lugar de optar por facer pasos elevados ou cambiar o sentido da circulación, por exemplo, decidiuse facer xa unha reforma integral coa intención tamén de evitar o tráfico rodado ao chegar ao punto no que está o Conservatorio.

Non habendo máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. alcalde, de data 21 de xullo do ano 2022, coa modificación referida sobre a Conta Xeral aprobada (2020 e non 2021 como figura no acordo número 4 da proposta) obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: dezasete (17), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá, Prieto García, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: dúas (2), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido e Méndez Mosquera.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do Sr. alcalde de data 18 de xullo do ano 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

## **2.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE RUTIS.**

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta do Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022 (código de documento UCU16I006L), ditaminada favorablemente pola comisión informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo do día 21 de xullo de 2022. que transcrita di:

“PROPOSICIÓN DA CONCELLERÍA DE CULTURA, SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE RUTIS

### **Antecedentes**

1.- Determinada rúa da parroquia de Rutis, deste municipio, está pendente de recibir unha denominación, polo que se fai necesario darlle un nome.

2.- A Concellería de Cultura presenta unha proposta acompañada dun informe no que se fundamenta a denominación que se propón.

### **Consideracións legais**

1.- O artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, dispón que os concellos manterán actualizada a nomenclatura das vías públicas, e deberán informar deste feito ás administracións interesadas.

2.- A concelleira de Cultura fixo unha proposta para poñer nome a unha rúa ata o de agora pendente de nomeamento.

3.- A competencia relativa á denominación das rúas e vías públicas compete ao Pleno da Corporación, en uso da facultade concedida polo artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

4.- Por último, por aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, considérase oportuno, á vista da natureza da proposta e a súa incidencia sobre unha cantidade indeterminada de persoas interesadas, que o acordo que se adopte sexa sometido a un período de información pública para que se poidan presentar as alegacións que se consideren convenientes por parte daquelas persoas que teñan dereitos ou intereses que se poidan ver afectados polo acordo que se adopte.

Por todo o exposto **proponse ao Pleno da Corporación** a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Impoñer á rúa sinalada nos planos que figura grafada na documentación técnica, e polos méritos expostos que constan no expediente administrativo:

**O nome de RÚA MONTE CHANS, no lugar de Castro, na parroquia de Rutis.**

Segundo.- Acordar un período de información pública de vinte días a contar desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan presentar alegacións por parte das persoas que teñan dereitos e intereses que se poidan ver afectados polo acordo adoptado. Este acordo será definitivo cando transcorra o período que se indica sen que se presente ningunha alegación.

Terceiro.- Comunicar este acordo á unidade encargada de xestionar o Padrón de Habitantes, ás áreas de Urbanismo e Medio Ambiente e Servizos do Concello, á Intervención municipal e á Policía local, para o seu debido coñecemento

Cuarto.- Poñer, así mesmo, esta resolución en coñecemento das instancias ou organismos seguintes:

- Interesados empadroados no que ata agora era Lugar de Castro n.º 7.
- Do Instituto Nacional de Estatística da Administración xeral do Estado.
- Da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.
- Do Instituto Galego de Estatística da Xunta de Galicia.
- Da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda.
- Da Delegación do Goberno en Galicia.

Xúntase un informe xustificativo da proposta presentada e planos da ubicación da rúa.

Culleredo,

C.I.F. P-1503100-H


## INFORME

### **RÚA MONTE CHANS**

Unha das preferencias á hora da denominación de novas rúas, é poder recoller microtopónimos do lugar. Neste caso, Monte Chans é o do lugar onde se empraza esta nova rúa, no lugar de Castro e na parroquia de Rutis.

Culleredo,

C.I.F. P-1503100-H



C.I.F. P-1503100-H



29

A continuación fai uso da palabra o Sr. alcalde-presidente e di que, dada a similitude das propostas presentadas nos puntos números dous e tres da orde de día, pódese proceder ao debate das dúas propostas neste punto aínda que a votación se realice independente unha da outra.

Todos os membros da Corporación asistentes á sesión prestan a súa conformidade.

De seguido intervéñ a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril, e fai unha presentación das dúas propostas referidas.

Non habendo intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catoce (14), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta do Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- PROPOSTA SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE CULLEREDO.**

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta do Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022 (código de documento UCU16I006M), ditaminada favorablemente polo comisión informativa de Política Social, Promoción do Deporte, Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo do día 21 de xullo de 2022.que transcrita di:

#### **"PROPOSICIÓN DA CONCELLERÍA DE CULTURA, SOBRE NOMEAMENTO DE RÚA NA PARROQUIA DE CULLEREDO**

##### **Antecedentes**

1.- Determinada rúa da parroquia de Culleredo, deste municipio, está pendente de recibir unha denominación, polo que se fai necesario darlle un nome.

2.- A Concellería de Cultura presenta unha proposta acompañada dun informe no que se fundamenta a denominación que se propón.

##### **Consideracións legais**

1.- O artigo 75 do Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, aprobado polo Real decreto 1690/1986, de 11 de xullo, dispón que os concellos manterán actualizada a nomenclatura das vías públicas, e deberán informar deste feito ás administracións interesadas.

2.- A Concellería de Cultura fixo unha proposta para poñer nome a unha rúa ata o de agora pendente de nomeamento.

3.- A competencia relativa á denominación das rúas e vías públicas compete ao Pleno da Corporación, en uso da facultade concedida polo artigo 22 da Leis 7/1985, de 2 de abril.

4.- Por último, por aplicación do artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, considérase oportuno, á vista da natureza da proposta e a súa incidencia sobre unha cantidade indeterminada de persoas interesadas, que o acordo que se adopte sexa sometido a un período de información pública para que se poidan presentar as alegacións que se consideren convenientes por parte daquelas persoas que teñan dereitos ou intereses que se poidan ver afectados polo acordo que se adopte.

Por todo o exposto proponse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Impoñer á rúa sinalada nos planos que figura grafada na documentación técnica, e polos méritos expostos que constan no expediente administrativo:

**O nome de RÚA RÍO GAITEIRO, no lugar de Tarrío, na parroquia de Culleredo.**

Segundo.- Acordar un período de información pública de vinte días a contar desde a publicación deste acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello, para que se poidan presentar alegacións por parte das persoas que teñan dereitos e intereses que se poidan ver afectados polo acordo adoptado. Este acordo será definitivo cando transcorra o período que se indica sen que se presente ningunha alegación.

Terceiro.- Comunicar este acordo á unidade encargada de xestionar o Padrón de Habitantes, ás áreas de Urbanismo e Medio Ambiente e Servizos do Concello, á Intervención municipal e á Policía local, para o seu debido coñecemento

Cuarto.- Poñer, así mesmo, esta resolución en coñecemento das instancias ou organismos seguintes:

- Interesados empadroados no que ata agora era Lugar de Tarrío n.º 2 e n.º 3.
- Do Instituto Nacional de Estatística da Administración xeral do Estado.
- Da entidade pública empresarial Correos e Telégrafos.
- Do Instituto Galego de Estatística da Xunta de Galicia.
- Da Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Economía e Facenda.
- Da Delegación do Goberno en Galicia.

Xúntase un informe xustificativo da proposta presentada e plano da ubicación da rúa.

Culleredo,

C.I.F. P-1503100-H


## **INFORME**

### **RÚA RÍO GAITEIRO**

Unha das preferencias á hora da denominación de novas rúas, é poder recoller microtopónimos do lugar. Neste caso, Río Gaiteiro é un dos que existe no lugar de Tarrío, parroquia de Culleredo, por onde transcorre a nova rúa.

Culleredo,

C.I.F. P-1503100-H



Non habendo intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catoce (14), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Vereá e Prieto García.

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da Sr. concelleiro delegado de Desenvolvemento Local, Cultura, Festas e Turismo, de data 18 de xullo do ano 2022 polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **4.- PROPOSTA SOBRE INDEMNIZACIÓN POR GASTOS DERIVADOS DE PROCESOS XUDICIAIS (EXPTE. UEH/2018/22)**

A Presidencia somete a debate e votación do pleno a proposta da sra. concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de decembro de 2021 (código de documento UEH12I006I), ditaminada favorablemente polo Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Administración electrónica, Urbanismo, Participación cidadá, Educación e Medio Rural na sesión de data 21 de xullo do ano 2022 que transcrita di:

##### **"PROPOSTA**

O 23 de xaneiro de 2018 don Julio Sacristán de Diego solicitou "el abono como indemnización por razón del servicio de todos los gastos derivados de los procesos" xudiciais nos que foi parte como "denunciado (demandado)": Dilixencias previas procedemento abreviado nº 1600/2012 do Xulgado de Instrución número 6; Recurso contencioso-administrativo nº 131/2016, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña; Dilixencias previas procedemento abreviado nº 6399/2010, do Xulgado de Instrución nº 4 da Coruña; Xuízo de faltas 1245/2015, do Xulgado de Instrución nº 2 da Coruña e recurso de apelación nº 414/2016, derivado do anterior; Dilixencias previas procedemento abreviado nº 2737/2015, do Xulgado de Instrución nº 4 da Coruña; Dilixencias previas procedemento abreviado nº 74/2017, do Xulgado de Instrución nº 4 da Coruña.

Considerando o disposto polo artigo 225 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, de acordo co cal os membros da Corporación terán dereito a recibir indemnización polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo cando sexan efectivos, e previa xustificación documental e o disposto polo artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que introduce o matiz segundo o cal tal percepción farase conforme as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e ás que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

Visto o informe da asesoría xurídica municipal no que conclúe "procede reconocer a don Julio Sacristán de Diego el derecho a percibir, el abono de las cantidades devengadas en concepto de defensa jurídica por su condición de cargo público, y acreditadas por sentencia firme, en tanto fuese declarado absuelto" en aqueles procedementos que foron motivados por actuacións administrativas ou actos levados a termo en cumprimento das funcións públicas que como alcalde lle competían "la necesidad de acudir a abogados externos con el correspondiente coste para las arcas municipales, en los términos detallados en el informe de asesoría jurídica emitido en fecha 5 de marzo de 2018"

Visto o informe da interventora xeral municipal (código de documento UIT12I007N) no que conclúe que "tratándose de gastos de representación y defensa jurídica en un proceso penal, la Corporación puede, en uso de la autonomía local, considerarlos como indemnizables a título de gastos ocasionados en el ejercicio del cargo de concejal, siempre que no concurran circunstancias que obliguen a calificarlos como gastos realizados en interés propio o a favor de intereses ajenos al general de la entidad local" e analizada a documentación presentada polo solicitante baixo os parámetros

fixados na sentenza do Tribunal Supremo de 04 de febreiro de 2002 (recurso de casación número 3271/1996), cuantifica a cantidade a indemnizar excluindo do dereito a indemnización o xuízo de faltas 1245/2015, do Xulgado de Instrución nº 2 da Coruña e recurso de apelación nº 414/2016, derivado do anterior, respecto dos que se acorda a libre absolución por prescripción da falta.

Considerando o sinalado no devandito informe pola interventora xeral respecto ao órgano competente para a determinación da procedencia e a cuantía da indemnización, proponse ao Pleno a adopción do seguinte

**ACORDO:**

Determinar a procedencia da indemnización a don Julio Sacristán de Diego polos gastos derivados dos procesos que se citan: procedemento abreviado nº 1600/2012; Recurso contencioso-administrativo nº 131/2016; Procedemento Abreviado nº 6399/2010; Procedemento abreviado nº 2737/2015 e Procedemento abreviado nº 74/2017 e autorizar, dispor e recoñecer a correspondente obriga por importe de 12.584 euros con cargo á partida orzamentaria 912-22603."

Iniciada a quenda de intervencións, solicita o uso da palabra a voceira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Pombo Carril quen, unha vez concedido, fai unha presentación da proposta presentada.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que como ben di a voceira do grupo de goberno, con data 23 de xaneiro de 2018 don Julio Sacristán de Diego solicitou o abono como indemnizacións por mor do servizo de tódolos gastos derivados dos procesos xudiciais nos que sendo alcalde de Culleredo foi parte como demandado e dos que foi absolto e foron sobreseídos, por un importe total de 13.569,50 euros; que desde o seu grupo político entenden que os gastos ocasionados no exercicio do cargo, tanto dun alcalde como dun concelleiro, deben considerarse indemnizables e que os gastos de defensa nun proceso xudicial deben ser así sempre que non concurran circunstancias que obriguen a calificalos como gastos realizados en interese propio ou a favor de intereses alleos ao xeral da entidade local; que desde Alternativa dos Veciños consideran que o informe realizado pola interventora do Concello de Culleredo, nas súas conclusións, deixa ben claro o seguinte:

- Que se debe analizar caso por caso, sen que haxa unha solución uniforme.
- Que debe constar a falta de responsabilidade penal unicamente por falta de participación nos feitos, inexistencia dos mesmos ou o seu carácter lícito, excluíndose outros supostos de inexistencia de responsabilidade penal.
- Que ademáis do anterior debe apreciarse a inexistencia de abuso, exceso, desviación de poder ou atención a intereses particulares ou distintos dos xerais, o que quere dicir que a actuación, ademáis de non ser delictiva, ten que axustarse ao ordenamento xurídico.
- Que só procede para as actuacións realizadas no exercicio do cargo.
- Que o abono no seu caso só procede unha vez comprobados os requisitos, non sendo factible ir adiantando cantidades ao longo do proceso.

Segue a súa intervención o Sr. Mourelle Botana e di que a Sra. interventora entende tamén que, existindo no Concello de Culleredo un servizo de Asesoría Xurídica, non procede a contratación de avogados externos co correspondente custo para as arcas municipais; di que o informe de Asesoría Xurídica de data 5 de marzo de 2018 alega o dereito á libre

elección de avogado en base a diversas sentencias e que é certo, que ese dereito existe, pero que o que non existe é o dereito a que esa libre elección sexa custeada con diñeiro público, poñendo de manifesto a señora interventora que existen mecanismos de control interno para evitar os abusos a que a libre elección puidera levar pero que eses mecanismos non se puideron poñer en marcha en ningún momento porque o que se presentou para fiscalización foron xa directamente as facturas, sen un acordo previo que o permitira e fixara os límites aos que se deba someter.

Continúa a dicir o Sr. Mourelle Botana que, baseándose nos informes desfavorables achegados pola interventora do Concello de Culleredo, nos que se conclúe que na proposta remitida falta a xustificación da necesidade do gasto, desde o seu grupo político entenden que o Sr. Sacristán puido ter elixido unha asesoría xurídica interna, facilitada polo Concello de Culleredo ou, en caso contrario, que como mínimo deberían terse presentado con anterioridade, nun pleno municipal, os argumentos polos que se elixía un asesoramento xurídico externo e non o facilitado polo Concello de Culleredo para poder deliberar se procedía que dita elección, feita por don Julio Sacristán de Diego, fora custeada con cartos públicos.

De seguido solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que antes de nada quere expresar que disculpa a súa asistencia a compañeira do seu grupo político Beatriz Pérez Mosquera e a continuación di que, tal como dixeron na correspondente comisión informativa, o seu grupo segue sen ter a documentación das demandas, contando só co resultado das sentenzas, e di que entenden que así a documentación está incompleta porque todos os membros da Corporación teñen dereito a saber os detalles de cada unha das denuncias, sendo relevantes en particular as denuncias que o Sr. Rioboo fai contra o Sr. Sacristán no pasado; di que o goberno municipal non facilita dita información e que é obvio que este é un tema incómodo para o Sr. Rioboo pero que a súa incomodidade non é un motivo para non facilitar a información necesaria para o expediente do punto da orde do día que se está a debater; que aínda así, vai falar dalgúns procedementos dos que si se lles deu algún tipo de información ou que se poden relacionar con información coñecida previamente como é o caso de, por exemplo, o procedemento abreviado 1600/2012, pois, di que se non se equivocan, ese foi un tema moi difundido pola prensa por ser o tema de ter convertido o Monte Costa nun vertedoiro de lixo no que seica un paisano coa axuda do alcalde cobraba por levar lixo a terreos municipais sen licenza de actividade nin licenza de xestión de residuos; di que dita denuncia partiu dunha alianza entre o Sr. Rioboo e o Sr. Cañás, voceiro do PP no mandato anterior, e no procedemento referenciado recaíu resolución do tenor seguinte: "que ha devenido firme toda vez que no ha sido recurrida por ninguna de las partes.", preguntando se o feito de non ter recurrido e non ter impulsado o asunto do que o Sr. Rioboo estaba convencido formaba parte da traxectoria política posterior de pactar co Sr. Sacristán e acabar sendo alcalde.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que outra das demandas é referida ao recurso contencioso-administrativo 131/2016, na que o Sr. Sacristán solicita que se lle pague o que xa está pagado; que outra é en relación ao procedemento 6399/2010, na que un funcionario e o Sr. Rioboo denuncian ao Sr. Sacristán por malversación e que tampouco se recurriu, preguntando se o feito de non continuar impulsando dita cuestión formaba parte tamén do traxecto posterior do Sr. Rioboo; que neste caso procede deducir 110 euros da cantidade ao non estar acreditada factura e di que o Sr. Sacristán, que tantos reparos ten levantado e do que tanto teñen comentado no pasado, por pagos irregulares, parece que colleu o hábito e segue coa mesma inercia despois de ser alcalde.

Continúa o Sr. Chouciño Garrido a súa intervención e fala do xuízo de faltas 1245/2015 e recurso de apelación derivado do anterior, sobre o que a asesora xurídica di que procede deducir certa cantidade da reclamada por ser á que ascende a factura de honorarios do recurso de apelación, que a sentenza de 20 de xuño estima por causa da prescripción da falta e di que hai que ter ollo pois non está claro cal é a causa de que haxa que deducir unha parte do reclamado malia que si hai un informe que admite que se deberían pagar varias cuestións; di que a cuestión 1245/2015 é recurrida na 414/2016, tratándose dunha falta de ameazas, e explica que previamente tiñan acusado ao Sr. Sacristán por ameazas e coaccións e que as coaccións non prosperaron pero si as ameazas e o Sr. ex-alcalde recorre debido a que a acusación naquel momento era debida a que un policía local, con trinta anos de servizo, denunciaba ao Sr. Sacristán por telo ameazado para que cambiara un informe do precinto dunha actividade dunha hípica sen licenza en Sésamo, unha hípica que segue a ter actividade seis anos despois noutro emprazamento, tamén sen licenza de actividade (recorda como o Sr. Rioboo, o

pasado mes de agosto, dixo que sería inflexible coas cuestións sen licenza); que parece que o Sr. Sacristán quería que o informe de precinto se suavizara e non fora tan contundente, saíndo condeado nunha primeira instancia (no xuízo de faltas 1245/2015) do Xulgado de Instrución número 3, e cando se vai a Audiencia e o Sr. Sacristán apela, o que din na Audiencia é “Feitos probados. Acéptanse os feitos declarados, probados na resolución recorrida, que en aras da brevidade se dan por reproducidos” e que así se recolle pola Audiencia, polo que si existiron ditas ameazas pero resulta que prescribiu, non se sabe se porque a gravadora non estaba homologada, se non se usou no escrito o tipo de letra oficial ou por calquera outro motivo pero o caso é que prescribiu unha falta que di que non sabe como a gradúa a xustiza pero que a veciñanza a califica como gravísima porque o feito de que un alcalde, no seu posto de máxima autoridade na xerarquía da Policía Local ameace a un policía pretendendo que cambiara un informe de precinto dunha actividade sen licenza, o que representa unha actuación sen tacha e valente por parte dun funcionario que se opón a aceptar dita orde, e que exerce o seu cargo coa independencia que lle garante o seu estatus de funcionario público, faga o que se describe, indica que é un alcalde indigno e por iso, á marxe do que digan os informes sobre a legalidade, o BNG ten que manifestarse no pleno sobre a licitude da solicitude que fai o Sr. Sacristán e di que entenden que non procede que se lle pague nada do que reclama pois podería ter usado os servizos xurídicos municipais e foi el o que escolleu, o que optou por non facelo, sendo libre de facelo así pero non pode pretender que o Concello de Culleredo lle pague os seus gastos.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que o Sr. Sacristán, mentor do Sr. Rioboo e dunha grande parte dos concelleiros e concelleiras que se sentan na bancada, creou escola e que así se vai vendo en cada pleno pois, como ben dicia o cura de Malpica “de pais gatos, fillos michicos”, anunciando que os membros do seu grupo votarán en contra de que se lle faga o abono que se propón ao Sr. Sacristán.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político popular, Sr. Prieto García quen, unha vez concedido, di que moi brevemente vai explicar o motivo do voto do Partido Popular que vai ser a favor de aboarlle a Julio Sacristán a indemnización correspondente en base aos seguintes motivos:

- En primeiro lugar, por alusións, dille ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego, en canto ao procedemento xudicial instado polo Partido Popular, polo voceiro do grupo político popular no seu momento, o Sr. Cañás, e a opción de recurrir ou non recurrir o mesmo, que é unha decisión particular das partes e non unha decisión política e engade que se non se recurriu no seu momento supón que sería porque o avogado que levou o asunto entendeu que non habería causas ou motivos polos que recurrir ou porque non lles interesou ou porque directamente non querían asumir o custo ou calquer outro motivo pero non por ningunha conspiración que deixase iso fora de lugar.
- En segundo lugar, en relación con que se lle vai aboar dúas veces o mesmo ao Sr. Sacristán, di que falta a documentación necesaria para determinalo pese a que se requiriu na comisión e non se achegou, pero que entende que nun procedemento administrativo houbo unha condena en costas e o que se aboou a Julio Sacristán de Diego foron unhas costas xudiciais taxadas, que se taxan según baremo e que son impugnables, sen que ninguén as impugnara, non cubrindo as costas toda a factura de procurador e avogado na maioría dos casos polo que o que se está a discutir realmente non é que se lle pague dúas veces senón que o que se lle cubre ao cliente normalmente neses casos, as costas, é o custe que el ten sobre o procedemento xudicial e non os gastos reais do procedemento xudicial, ao igual que peritaxes ou situacións similares; que en relación con que a Audiencia provincial fai referencia a que, como se soe ver na práctica, a aceptación de feitos de primeira instancia os dá por probados, non quere dicir que sexan unhs feitos probados firmes e indiscutibles senón que o que se está a discutir normalmente na Audiencia son fundamentos de Dereito, non entrando a debater, na maioría dos casos, os feitos probados en primeira instancia porque non hai fase de proba como tal senón que se fai a proba en instancia sen que haxa unha achega de proba nova porque terían que ser feitos novos ou proba que non se puidera interpoñer no momento da demanda inicial, non probas a posteriori.

- Que en canto á diferenza que se estaba a debater respecto da elección de asistencia letrada e o que se debate no pleno, que é a decisión de pagar ou non esa decisión letrada, di que non se está a decidir se estivo ben ou mal que non optase polo servizo xurídico interno do Concello e di que el entende que o Concello debe ser un experto en dereito administrativo ou en dereito urbanístico pero non en dereito penal ou en causas de dereito internacional ou de dereito marítimo, porque non se pode saber todo de todo, polo que se a decisión é correcta ou non será outro tema de debate, e se é correcto ou non que para cada punto se leve un avogado concreto será outro debate, pero o que se debate hoxe é que hai cinco sentenzas, todas absolutorias polos motivos que sexan, e o pago non está mal realizado e di que lle resulta moi curioso que o Sr. Chouciño Garrido remate a súa intervención dicindo que unha cousa é a legalidade e outra unha aplicación subxectiva que fan os membros do BNG para non pagar a indemnización ao alcalde, e non porque sexa Julio Sacristán senón porque calquera membro da Corporación, no exercicio do seu cargo, pode verse nesa situación, e di que non se fala da vida privada de Julio nin de denuncias privadas na vida de Julio senón no exercicio da súa función como alcalde, preguntando a continuación se cada veciño do Concello o chega a denunciar por unha prevaricación, que pode derivar de calquera contrato menor por unha situación irregular, se ten que sufragar el esos gastos individuais dos procedementos, considerando o Sr. Prieto García que se lle deben poñer límites a esa situación e di que se lles preguntan se están conformes coa designación do letrado de Julio di que non porque non teñen a documentación, e se lles preguntan se están conformes con que se lle aboe o 100% dos gastos sen ver toda a documentación di que non, pero que si están conformes con que habendo cinco sentenzas absolutorias a unha persoa que se denuncia polo exercicio do seu cargo se lle aboen os gastos que non tería que ter pagado.

C.I.F. P-1503100-H

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di que no pleno se está a recoñecer o dereito a que a Administración Pública se faga cargo dos gastos derivados dos procedementos nos que foi denunciado ou demandado o anterior alcalde, Julio Sacristán, polas actuacións realizadas no exercicio do seu cargo nos que resultou absolto, non podéndose probar responsabilidade algunha polo que, dado que conta con todos os informes favorables, o goberno municipal propón que sexa indemnizado na suma proposta pola interventora municipal; que en canto aos procedementos e cuantías polos que procede que sexa indemnizado di que son os propostos pola mesma interventora no seu informe; di, dirixíndose ao Sr. Chouciño, que lle sorprende moi destacadamente, e tal como dixo o Sr. Prieto, que na súa intervención falou de que se ía pronunciar sobre a licitude e non sobre a legalidade e di a Sra. Iglesias Becerra que sobre iso xa se pronunciou o Xulgado e foi absolto en todos os casos, inclusive no que se excluíu porque se fixo pola prescripción, estando igualmente absolto pero excluíuse porque a forma de terminar dito procedemento non está contemplada como indemnizable; di que o único límite para o aboamento dos gastos que se solicita sería que fora condenado e non foi o caso e por iso o goberno municipal propón que sexan aprobados, engadindo que a documentación está completa e tanto a interventora como a asesora municipal así a consideraron facendo os seus informes en base á documentación que existía e non é necesario contar con máis documentación para debater o que se propón porque non se trata de xulgar os feitos pois estes xa están xulgados polos xuíces e tribunais correspondentes.

A continuación solicita novamente o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que solicita intervir para pronunciarse sobre unha cuestión que saiu nas intervencións e que lle parece moi interesante e é relativo ao mencionado sobre a licitude porque na Corporación están reunidos os distintos grupos políticos e si corresponde unha interpretación política porque o asunto pode ser perfectamente legal e non dar con nada pero que todos poden ter unha opinión; que o feito de que haxa un señor M. Rajoy pode ser perfectamente legal pero procede pronunciarse e todos o fan todos os días sobre a licitude que aparece nos papeis de marras; que un presidente da Xunta pasee nunha lancha, nunha planeadora dun narco, pode ser unha cuestión perfectamente legal pero non é moi lícito e por iso si que corresponde pronunciarse sobre a licitude de todas esas cuestións que detallaron dunha en unha e que non vai repetir porque o feito de que un alcalde ameace e se considere probado, malia o que di o Sr. Antón Prieto sobre que se considere probado, que si foi así, que o fixo, non é lícito, senón totalmente ilícito e indigno, sendo ese o motivo polo que os membros do seu grupo van votar en contra da proposta.

De seguido solicita novamente facer uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra quen, unha vez concedido, di, dirixíndose ao Sr. Chouciño Garrido, que está a terxiversar a realidade e que iso non se pode permitir porque o Sr. Sacristán non foi condeado, existindo unha sentenza da Audiencia Provincial na que resultou absolto, sendo esa a sentenza que vale, pedíndolle que non faga lecturas parciais do que a el lle interesa pois non é certo, engadindo que o Sr. Chouciño Garrido non ten que xulgar nada porque xa está todo xulgado.

De seguido solicita de novo o uso da palabra o Sr. Chouciño Garrido, voceiro do grupo político do BNG quen, unha vez concedido, di que vai ser moi breve e, dirixíndose á Sra. Iglesias Becerra, dille que a argumentación do BNG a fan desde o BNG e en particular o voceiro que fala, non a Sra. Marta Iglesias nin a voceira do PSOE.

A continuación solicita de novo o uso da palabra o Sr. Prieto García, concelleiro do grupo político popular quen, unha vez concedido, di que vai ser tamén moi breve e que, por alusións, quere concretar que efectivamente no pleno están reunidos políticos pero que non veñen os políticos a falar de cousas sen coñecemento suficiente sobre os temas que se tratan e que non veñen a dar opinións, porque estas as darán fora, na prensa, ou internamente nas reunións de partido pero non no pleno porque non é o órgano para iso e di que os veciños teñen que saber que cada concelleiro da Corporación cobra 250 euros por asistir ao pleno e polo tanto acudir á sesión a dar opinións que nada teñen que ver co asunto lles custa aos veciños uns cinco mil douscentos euros, e di que aos membros da Corporación non se lles paga por ir ao pleno a dar unha opinión xeral sobre os asuntos senón que se lles paga por levar unha opinión formada, non para falar por falar, discutir por discutir e centrar o tema en M. Rajoy ou nunha denuncia que puxo Cañas no ano 2015 e traer temas que non veñen a conto porque todos teñen que ter claro que traer temas ao pleno custa cartos e di que a eles se lles paga por facer un traballo e non por asistir ao pleno a dar unha opinión.

C.I.F. P-1503100-H

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Sra. concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de decembro de 2021, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: catoce (14), dos/as Sres/as: Rioboo Castro, Pombo Carril, Figueroa Fuentes, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Méndez Sánchez, Iglesias Gómez, Liñares Gestal, Amor Fernández, Seijas González, García Gorostizu, Rico Verea e Prieto García.

Votos en contra: cinco (5), dos/as Sres/as: Chouciño Garrido, Méndez Mosquera, Ferreiro Varela, Mourelle Botana e Marzoa García.

Abstencións: ningunha.

Á vista do resultado da votación declárase aprobada a proposta da sra. concelleira delegada de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, de data 17 de decembro de 2021, polo que devén en acordo nos termos transcritos.

#### **5.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA E CONCELLARÍAS DELEGADAS.**

A Presidencia, de conformidade co disposto no art. 55 do ROM, dá conta aos membros da Corporación das resolucións ditadas pola alcaldía e concellarías delegadas, que comprenden un total de 155 resolucións numeradas da 1197 a 1351 do ano 2022, que se relacionan deseguido:

|                       |              |                                                          |               |
|-----------------------|--------------|----------------------------------------------------------|---------------|
| <b>Nº RESOLUCIÓN:</b> | <b>DATA:</b> | <b>EXTRACTO:</b>                                         | <b>PLENO:</b> |
| 1197                  | 22/06/2022   | Asunción da cobertura dos gastos derivados de cadaleito, | 28/07/2022    |

- traslado e sepelio da finada B.L.R.V. e aprobación do gasto por importe de 1501,72€ a favor do tanatorio FUNERARIA APÓSTOL SL.
- 1198 22/06/2022 Delegación das funcións da alcaldía na primeira tenente de alcalde, D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, o día 23-06-2022 desde as 12.00 ata as 15.00 horas.
- 1199 22/06/2022 Convocatoria á sesión extraordinaria da Xunta de Voceiros do 27-06-2022.
- 1200 22/06/2022 Concesión a M.G.P. do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade dunha hora á semana (agás festivos).
- 1201 22/06/2022 Finalización do procedemento, relativo á solicitude do servizo municipal de Axuda no fogar, pola imposibilidade material de continuo por mor do falecemento de C.G.Q.
- 1202 22/06/2022 Outorgamento a LUCUS EVENTS SL da autorización demanial para a ocupación do dominio público local no lugar Paseo Marítimo do Burgo durante os días 30 de xuño, 1, 2 e 3 de xullo para a celebración do MERCADO TEMPLARIO DO BURGO DE FARO.
- 1203 22/06/2022 Emprazamento no PROCEDIMENTO ABREVIADO 92/2022-M a S.L.D.
- 1204 22/06/2022 Aprobación do reintegro de remanente da subvención do Programa de contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2016, expediente TR351B 2016/000062-1. Importe a reintegrar á Xunta de Galicia 2.333,99€.
- 1205 23/06/2022 Aprobación das Bases da convocatoria de axudas de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego "Rehabilitación Casa Peóns Camiñeiros".
- 1206 23/06/2022 Concesión a A.M.P. e N.D.N. da licenza municipal de primeira ocupación da reforma e ampliación da vivenda unifamiliar situada na rúa Marroxa, parroquia de Sésamo e aprobación da devolución da fianza depositada por importe de 1.000€.
- 1207 23/06/2022 Concesión a D.P.V. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Gloria Fuertes, Plan Parcial Zapateira 2, parroquia de Orro.
- 1208 23/06/2022 Concesión a ROTERM SL da licenza municipal de obras para a construción de 4 vivendas unifamiliares acaroadas na rúa Juana Capdevielle, Plan Parcial Zapateira 2, parroquia de Orro.
- 1209 23/06/2022 Concesión a O.C.A. do Xantar na casa para os sete días da semana.
- 1210 23/06/2022 Adxudicación da execución do servizo "Campamentos urbáns de verán 2022 e nadal curso 2022-23" á empresa ESPROADE SL.
- 1211 23/06/2022 Contratación desde o día seguinte ao día da sinatura desta resolución e ata o 28-07-2022 a M.C.P.S. como directora do obradoiro dual de emprego "Rehabilitación casa peóns

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 1212 23/06/2022 camiñeiros" do Concello de Culleredo.  
Concesión a J.R.C. e R.L.G. da licenza municipal de obras para a construción dunha vivenda nunha parcela situada no lugar de Vilar, parroquia de Sueiro.
- 1213 27/06/2022 Adxudicación da contratación de orquestras para as festas patronais e populares a celebrar no Concello de Culleredo durante o ano 2022 a M.D.S.M. titular dos dereitos en exclusiva das orquestras seleccionadas, fixando o prezo en 180.895,00€ IVE engadido.
- 1214 27/06/2022 Concesión a A.S.I. do servizo municipal de Axuda a domicilio cunha intensidade de cinco horas á semana (agás festivos) e denegación a M.D.V.C. do servizo municipal de Axuda a domicilio.
- 1215 27/06/2022 Concesión a L.M.S. do servizo de Teleasistencia domiciliar e aceptación do desestímulo da solilidade do servizo municipal de Axuda a domicilio.
- 1216 27/06/2022 Concesión a C.E.S.O. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade.
- 1217 27/06/2022 Convocatoria á sesión ordinaria do Pleno Municipal do 30-06-2022.
- 1218 28/06/2022 Convocatoria Xunta de Goberno Local o mércores día 29 de xuño ás 13.30 horas.
- 1219 28/06/2022 Concesión a R.R.A da tarxeta estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 06/06/2004.
- 1220 28/06/2022 Aprobación lista provisional dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección dun técnico/a de turismo (persoal laboral temporal)
- 1221 28/06/2022 Declaración xubilación forzosa do funcionario municipal Juan Baltasar Carbón Castelo con efectos do 14 de agosto de 2022
- 1222 28/06/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento dos gastos de farmacia por importe de 111,21 € correspondente á medicación do 18/03/2022, 08/04/2022 e 18/05/2022, que lle será aboado con cargo ao RC20220004416
- 1223 28/06/2022 Aprobación nóminas dos empregados públicos deste Concello correspondentes ao mes de xuño de 2022 e gasto correspondente.
- 1224 29/06/2022 Concesión a S.C.R e T.T.B da licenza solicitada para execución obras construción vivenda unifamiliar na rúa Gloria Fuertes parcela 136 do Plan Parcial Zapateira 2.
- 1225 29/06/2022 Concesión a J.F.M.L e M.T.C.D. da licenza de primeira ocupación que solicitaron vivenda unifamiliar na rúa Anllóns.
- 1226 29/06/2022 Aprobación expediente contratación da actuación do grupo Mago de Oz o 1 de xullo de 2022 en Culleredo.
- 1227 29/06/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento das facturas correspondentes aos bonos de

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- alimentos e bonos de hixiene.
- 1228    29/06/2022    Concesión a M.E.N.C dunha axuda económica para pago aluguer por importe de 1158 € correspondente aos meses de marzo 2022 e abril a agosto 2022
  - 1229    29/07/2022    Autorización realización xornada de traballo na quenda de mañá, no mes ou días que se indican para cada caso, ao profesorado do Conservatorio Profesional de Música do Concello de Culleredo.
  - 1230    29/06/2022    Baixa de J.M.B.P no servizo municipal de axuda a domicilio.
  - 1231    30/06/2022    Inicio trámites baixa por inscrición indebida a D.A.R. no Padrón de Habitantes.
  - 1232    30/06/2022    Inicio trámites baixa por inscrición indebida a F.S.M. no Padrón de Habitantes.
  - 1233    30/06/2022    Inicio trámites baixa por inscrición indebida a L.S.M.G e A.E.M.G. no Padrón de Habitantes.
  - 1234    30/06/2022    Participación no Plan Provincial de cooperación de obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña.
  - 1235    30/06/2022    Concesión a G.J.G.M da licenza mpal para construción d un galpón vinculado a parcela na parcela sita no lugar de Boedo.
  - 1236    30/06/2022    Concesión a Fergo Galicia S.L da licenza de primeira ocupación para edificación industrial no quintero 11 Rúa A. do Parque Empresarial de Alvedro.
  - 1237    30/06/2022    Declaración da validez do acto celebrado e adxudicación da contratación da actuación do grupo Mago de Oz o 1 de xullo de 2022 en Culleredo a F.G.S.
  - 1238    30/06/2022    Contratación para a execución do servizo Culleredo Social IX como peóns.
  - 1239    30/06/2022    Contratación como conserxes dentro do programa PEL-Concellos 2022 de axudas á contratación de persoal para execución das obras e servizos municipais dos concellos da provincia, incluído na liña 1.1 do Plan de Emprego Local.
  - 1240    30/06/2022    Aprobación expediente de xeración de crédito, para o financiamento do progrma de subvencións dirixidas a concellos ou agrupacións de concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes para financiar o gasto de persoal das oficinas de turismo
  - 1241    01/07/2022    Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago de 439,90 € correspondente á metade de cada recibo de electricidade de datas de emisión do 17/01/22, 23/02/22, 17/03/22 e 19/04/22 e metade recibo auga 1º trim. 2022
  - 1242    01/07/2022    Ampliación crédito en 15.045,53 € con destino ao procedemento da convocatoria pública de subvencións municipais destinadas a asociacións e entidades sen ánimo de lucro do termo municipal de Culleredo para reactivación tecido asociativa.

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 1243 01/07/2022 Convocatoria sesión ordinaria Xunta Goberno Local o luns 4 de xullo de 2022 ás 13.30 horas.
- 1244 04/07/2022 Desestimación solicitude de R.S.T no que se refire á percepción do salario coa xornada ampliada durante os meses de xullo e agosto
- 1245 04/07/2022 Aboamentos por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo a profesores conservatorio música
- 1246 04/07/2022 Aboamento a A.R.F da cantidade de 161,90 € por servizos extraordinarios realizados fóra da xornada normal de traballo.
- 1247 04/07/2022 Aboamento a F.J.V.T e K.P.D.A das cantidades de 2976,09 € e 510,18 € respectivamente por horas extraordinarias normais e horas extraordinarias festivas fóra da xornada normal de traballo.
- 1248 04/07/2022 Delegación das funcións da Alcaldía na primeira tenente de alcalde, Dona María Guadalupe Pombo Carril o día 4 de xullo de 2022 desde as 12 ata as 15 horas.
- 1249 04/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/81, por un importe total de 603.526,47€.
- 1250 04/07/2022 Concesión a C.V.P da licenza solicitada para segregación da parcela sita na Rúa Pedruco.
- 1251 06/07/2022 Outorgamento licenza solicitada para segregación da parcela sita no lugar Peiro de Abaixo da parroquia de Veiga.
- 1252 06/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga que se especifica (Operación 220220005540) por importe de 193,71 €
- 1253 06/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga e orde de pagamento da taxa que se especifica (Operación 220220005548) por importe de 112,10 €
- 1254 06/07/2022 Creación urxente con carácter temporal de 3 anos dun novo Servizo social comunitario básico complementario do actual SEDAF a denominar "SEDAF-infancia"
- 1255 06/07/2022 Concesión a I.G.O dunha axuda económica para pago aluguer por importe de 1158 € meses de xaneiro e febreiro de 2022 e parte de marzo 2022
- 1256 07/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento das facturas que se relacionan a continuación correspondentes a bonos alimentos, hixiene e/ou lactantes.
- 1257 07/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento das facturas que se relacionan a continuación correspondentes a bonos alimentos, hixiene e/ou lactantes.
- 1258 07/07/2022 Solicitude á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia dunha transferencia finalista para o cofinanciamento do proxecto anual de servizos sociais Comunitarios (PASSCM) de titularidade municipal do

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- exercicio 2022 por importe total de 988.482,30 €
- 1259 07/07/2022 Baixa padrón municipal de habitantes do Concello de Culleredo desde 01/06/2022 ata 30/06/2022
  - 1260 07/07/2022 Modificación no padrón municipal de habitantes do Concello de Culleredo desde 01/06/2022 ata 30/06/2022
  - 1261 07/07/2022 Alta padrón municipal de habitantes do Concello de Culleredo desde 01/06/2022 ata 30/06/2022
  - 1262 07/07/2022 Aprobación lista definitiva dos/as aspirantes admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo convocado para a selección dun técnico/a de turismo (persoal laboral temporal)
  - 1263 07/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da seguinte obriga (Operación 220220005553) por importe de 140,88 €
  - 1264 07/07/2022 Aprobación devolución a B.M.V da cantidade de 23,90 € ingresada en concepto de taxa por dereitos de exame para praza conserxe-colexio.
  - 1265 07/07/2022 Aprobación devolución ingreso indebido a M.D.G por importe de 836,73€ correspondente a ingreso realizado en concepto de imposto sobre construcións, instalacións e obras . Expte UAU/2021/713
  - 1266 07/07/2022 Aprobación devolución cantidade de 105 € ingresada en concepto de Prezo Público por Mañás de Campamento: Campamentos que concilian a A.M.L.O por ingreso indebido.
  - 1267 07/07/2022 Aprobación devolución de 23,90 € ingresado en concepto de taxa por dereitos de exame a F.D.U logo da súa exclusión do proceso selectivo.
  - 1268 07/07/2022 Aprobación da cantidade de 95,57 € ingresada en concepto de taxa por dereitos de exame a A.P.B.
  - 1269 07/07/2022 Aprobación liquidacións contidas nos padróns relativos ás taxas establecidas pola prestación do servizo de distribución de auga e ao servizo de depuración de augas residuais correspondentes ao segundo trimestre 2022.
  - 1270 07/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/84 por importe total de 11.857,12 €
  - 1271 07/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/83, por un importe total de 907,63€.
  - 1272 07/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/85 por importe total de 82.714,83€
  - 1273 07/07/2022 Outorgamento a ASOCIACION COMISION FESTAS PEIRO DE ARRIBA autorización demanial para ocupación do dominio público local no lugar durante o día 9 de xullo de 2022
  - 1274 07/07/2022 Outorgamento a Asociación Santa María da O autorización demanial para ocupación dominio público local no lugar de Vilaboa os días 9, 10, 11e 12 de xullo.
  - 1275 07/07/2022 Recoñecemento con cargo a aplicación orzamentaria 341-

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 48900 da seguinte obriga a favor dos beneficiarios que xustificaron correctamente a súa documentación e orde de pagamento da liquidación de axudas concedidas.
- 1276 07/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga de 537,91 € a M.A.R.M correspondente ás axudas de aluguer, luz e auga.
- 1277 07/07/2022 Concesión a F.B.C dunha axuda económica pago aluguer por importe de 1158 € meses xaneiro 2022 e febreiro a xuño 2022.
- 1278 07/07/2022 Concesión a M.P.G da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 02/05/2027
- 1279 08/07/2022 Recoñecemento das obrigas e orde de pagamento das facturas da relación (O/2022/87) por importe total de 3.411,11€
- 1280 08/07/2022 Recoñecemento das obrigas e orde de pagamento das facturas que se especifican na relación O/2022/88 por importe total de 1.452,01 €
- 1281 08/07/2022 Concesión a R.D.C.A. da tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter provisional ata o 08/03/2026
- 1282 08/07/2022 Convocatoria sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local o luns 11 de xullo de 2022 ás 13.30 horas.
- 1283 08/07/2022 Denegación solicitude do servizo mpal de axuda no fogar por libre concorrencia a P.R.S.
- 1284 08/07/2022 Levantamento reparo UIT16I00GN que formula a intervención municipal xeral e orde de continuación coa tramitación do expediente.
- 1285 08/07/2022 Levantamento reparo UIT16I00G5 que formula a intervención municipal xeral e orde de continuación coa tramitación do expediente.
- 1286 08/07/2022 Aprobación conta xustificativa subvención concedida pola que se aproban as bases reguladoras para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos.
- 1287 08/07/2022 Aprobación conta xustificativa subvención concedida pola que se aproban as bases reguladoras para o cofinanciamento de proxectos de prevención de condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades de concellos ou agrupacións de concellos.
- 1288 11/07/2022 Concesión a R.E.C.G axuda económica pago factura tratamento a recibir por Fundación odontolóxica solidaria por importe de 400 €
- 1289 11/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago recibo auga 4º trim. 2021 e 1º trim. 2022 e pago recibo electricidade correspondente á data de emisión do 10 de maio de 2022
- 1290 11/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pago de 176,43 € correspondente á factura de electricidade e factura auga 1º trim. 2022

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 1291 11/07/2022 Denegación a A.A.A das axudas solicitadas por exceder do límite de ingresos establecidos.
- 1292 11/07/2022 Autorización do gasto derivado da execución do servizo denominado "Asistencia técnica para elaboración documentos técnicos necesarios para licitación e contratación do contrato de xestión servizo público mpal transporte colectivo viaxeiros por estrada
- 1293 11/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/89 por importe de 254.955,58 €.
- 1294 12/07/2022 Declaración desestímulo da solicitude do servizo municipal de axuda no fogar e xantar na casa formulado por D.C.B.P
- 1295 12/07/2022 Declaración desestímulo da solicitude do servizo mpal de Axuda no fogar formulado por G.F.P e C.B.C
- 1296 12/07/2022 Aprobación devolución fianza depositada por P.S.M por importe de 1000 € para responder de posibles danos sobre urbanización existente na Rúa Mosteiro de Carracedo . Expte UAU/2018/238
- 1297 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/92, por un importe total de 305,52€.
- 1298 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/91, por un importe total de 75.785,73€.
- 1299 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/90, por un importe total de 3.751,73€.
- 1300 13/07/2022 Delegación na concelleira M.M.F.F o exercicio da competencia para celebración matrimonio civil entre J.F.L e V.A.N.G o venres 15 de xullo ás 19.00 horas.
- 1301 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/93, por un importe total de 18.001,86€.
- 1302 13/07/2022 Delegación na concelleira M.P.L.D o exercicio da competencia para celebración matrimonio civil entre L.M.B.R. e R.G.I o sábado 16 de xullo ás 14.00 horas.
- 1303 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/94, por un importe total de 2.217,89€.
- 1304 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/95, por un importe total de 38.222,05€.
- 1305 13/07/2022 Atribución, con carácter temporal, a J.P.P funcionario

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

interino enxeñeiro técnico de obras públicas as funcións de tramitación e xestión correspondentes á xefatura do servizo de Medio Ambiente, Obras e Servizo que se relacionan.

- 1306 13/07/2022 Atribución, con carácter temporal, a B.G.P persoal laboral temporal, enxeñeira técnico agrícola as funcións de tramitación e xestión correspondentes á xefatura do servizo de Medio Ambiente, Obras e Servizo que se relacionan.
- 1307 13/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das seguintes obrigas incluídas na relación O/2022/86 (Covid) por importe total de 87.668,14€
- 1308 13/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/96, por un importe total de 116.370,44€.
- 1309 13/07/2022 Inicio expte execución subsidiaria para limpeza e desbroce terreos sitos na ref. catastral 1860202NH5915S0001WP
- 1310 13/07/2022 Outorgamento a Asociación Cultural e Recreativa O Lagarto de Ledoño autorización demanial para ocupación dominio público local no lugar desde o 15 ao 17 de xullo de 2022, árbores dous inclusive.
- 1311 14/07/2022 Concesión a M.C.C axuda económica pago aluguer mes marzo e abril e maio 2022 e aprobación, disposición e recoñecemento da obriga por 1158 €
- 1312 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga de 120 € correspondente ás axudas para comunidade a favor de M.I.M.P.
- 1313 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga de 1158 € a favor de P.S. en concepto de axuda pago aluguer mes de marzo e abril e maio de 2022
- 1314 14/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento do recibo farmacia por importe de 40,28 € a G.M.C.
- 1315 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga de 148,41 € correspondente a axudas para hipoteca a E.P.O.
- 1316 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga de 1158 € en concepto axudas aluguer meses xaneiro a maio e parte de xuño 2022 a favor de A.M.D.D.
- 1317 14/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento de 156,19 € correspondente á factura da auga 1º trim 2022, ás facturas electricidade e factura de farmacia a favor de J.G.M.
- 1318 14/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento recibos auga, luz e gas a favor de M.A.M.
- 1319 14/07/2022 Autorización, disposición, recoñecemento e orde de pagamento de recibo gas, recibo auga e factura farmacia a favor de J.G.M.

C.I.F. P-1503100-H

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 1320 14/07/2022 Concesión a F.J.V.T a prolongación da permanencia na situación de servizo activo dende o 3 de setembro de 2022 ata o 2 de setembro de 2023
- 1321 14/07/2022 Corrección erro detectado na parte expositiva da resolución número 1242 de 7 de xullo de 2022 da concelleira delegada de participación cidadá, educación e medio rural.
- 1322 14/07/2022 Inicio de execución subsidiaria con carácter urxente á vista do estado de abandono dos terreos con referencia catastral 6721320NH4962S
- 1323 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación 220220007084 por importe de 598,95 €
- 1324 14/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/98 por importe de 3.425,60 €
- 1325 15/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/82, por un importe total de 7.511,18€.
- 1326 15/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos 20220005547 por un importe total de 201,78€.
- 1327 15/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento da obriga incluída na relación 220220006433 por importe de 5.664,01 €
- 1328 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 /60 m3 a M.J.S.P na rúa Juana Capdeville con efectos do 01/04/2022
- 1329 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a V.V.S. na rúa Visitación de la Encina con efectos do 01/04/2022
- 1330 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a M.B.H.F na rúa Tierno Galvan con efectos do 01/04/2022
- 1331 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a Y.C.S. na rúa Autonomía con efectos do 01/07/2022
- 1332 15/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/97 por importe de 9.961,06 €
- 1333 15/07/2022 Anulación liquidación practicada a E.P.F na rúa Elisa Aperribay correspondente ao segundo trim. 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame deo terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3
- 1334 15/07/2022 Anulación liquidación practicada a M.N.G no lugar de Sésamo-Casal correspondente a segundo trim. 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame deo terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3

|                                                                                                                                                             |                      |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------|
| Código do documento                                                                                                                                         | Código do expediente |
| <b>USG16I02JN</b>                                                                                                                                           | <b>USG/2022/127</b>  |
| Código de Verificación Electrónica (COVE)<br><br>0207 1H2J 6566 0271 0GLG |                      |

C.I.F. P-1503100-H

- 1335 15/07/2022 Anulación liquidación practicada a M.C.E.M na Avda Vilaboa correspondente ao segundo trim. 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame deo terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3
- 1336 15/07/2022 Anulación liquidación practicada a L.P.M no lugar Peiro de Arriba correspondente a segundo trim. 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame deo terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3
- 1337 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a P.A.C no domicilio sito en Amparo López Jean con efectos do 01/07/2022
- 1338 15/07/2022 Concesión bonificación 50% sobre consumos comprendidos entre 30 e 50 m3 a R.V.S. no domicilio sito en Andrés Pan Vieiro con efectos do 01/07/2022
- 1339 15/07/2022 Aprobación, disposición e recoñecemento das obrigas incluídas na relación O/2022/79 por importe total de 2.219,75 €
- 1340 15/07/2022 Anulación liquidación practicada a M.B.S na rúa Alba Clerico Sole correspondente a segundo trim. 2022 e aprobación dunha nova, na que os tipos de gravame deo terceiro tramo de consumo (>55m3/trimestre) serán os establecidos para o segundo tramo, 0,66 €/m3
- 1341 15/07/2022 Aprobación devolución a P.F.M do ingreso indevido por 736,73 € cantidade na que excede á cuota do imposto sobre construcións, instalacións e obras Expte UAU/2020/56 de solicitude licenza para legalización dous galpóns sitos no lugar Vilaverde 2
- 1342 15/07/2022 Concesión a S.V.G do Xantar na casa para cinco días á semana
- 1343 15/07/2022 Rectificación autoliquidación presentada por R.L.L polo Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana motivado pola transmisión do inmoebel sito na rúa Sanjurjo de Carricarte
- 1344 15/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/101, por un importe total de 990 €.
- 1345 15/07/2022 Levantamento do reparo formulado pola Intervención xeral e avocación da competencia para a aprobación, disposición e recoñecemento dos gastos e ordenación dos pagos O/2022/100, por un importe total de 257.288,48€.
- 1346 15/07/2022 Renovación permiso mpal de condutor do Concello de Culleredo a M.C.R.E cunha validez de cinco anos ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir
- 1347 15/07/2022 Renovación permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo a F.J.G.D cunha validez de cinco anos ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir.
- 1348 15/07/2022 Alta como condutor asalariado da licenza autotaxi núm. 29

do Concello de Culleredo a C.J.R.M.

- |      |            |                                                                                                                                                                                        |
|------|------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1349 | 15/07/2022 | Autorización uso especial por UFD DISTRIBUCION ELECTRICIDAD SA dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización de subministro eléctrico rbt vivenda unifamiliar |
| 1350 | 15/07/2022 | Aprobación recibos reclamación débedas por importe total de 259,69 €                                                                                                                   |
| 1351 | 15/07/2022 | Concesión a A.P do servizo municipal de axuda a domicilio cunha intensidade de dez horas á semana e do servizo de teleasistencia domiciliaria.                                         |

#### **6.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME ANUAL NO MARCO DO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO DO CONCELLO DE CULLEREDO. EXERCICIO 2021.**

A Presidencia dá conta do informe anual no marco do plan anual de control financeiro do Concello de Culleredo. Exercicio 2021 (código de documento UIT16I0091).

#### **7.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 4 DE XULLO DE 2022 SOBRE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES ESPECÍFICAS DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO “ENXEÑEIRA/O INDUSTRIAL”.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 4 de xullo de 2022, relativo a aprobación da convocatoria e das bases específicas da convocatoria do proceso selectivo “enxeñeira/o industrial”.

#### **8.- DACIÓN DE CONTA DO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN DE DATA 4 DE XULLO DE 2022 SOBRE CORRECCIÓN DUN ERRO MATERIAL NA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 23 DE MAIO DE 2022.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local por delegación do Sr. alcalde, na sesión de data 4 de xullo de 2022, relativo a corrección dun erro material na acta da Xunta de Goberno Local de data 23 de maio de 2022.

#### **9.- DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DE REPARO DE INTERVENCIÓN.**

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación municipal dos seguintes informes de reparo formulados pola Intervención municipal:

- Informe de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00FG)
- Informe de data 04/07/2022 (código de documento UIT16I00D5)
- Informe de data 06/07/2022 (código de documento UIT16I00GN)

- Informe de data 01/07/2022 (código de documento UIT16I00G5)
- Informe de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00D8)
- Informe de data 04/07/2022 (código de documento UIT16I00D7)
- Informe de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00A3)
- Informe de data 11/07/2022 (código de documento UIT16I00CX)
- Informe de data 04/07/2022 (código de documento UIT16I00D4)
- Informe de data 08/07/2022 (código de documento UIT16I00GU)
- Informe de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00B6)
- Informe de data 30/06/2022 (código de documento UIT16I00CJ)
- Informe de data 04/07/2022 (código de documento UIT16I00D3)
- Informe de data 14/07/2022 (código de documento UIT16I00HL)
- Informe de data 15/07/2022 (código de documento UIT16I00HQ)

C.I.F. P-1503100-H

#### **10.- MOCIÓNS URGENTES.**

Non se presenta ningunha moción neste punto da orde do día.

A continuación o Sr. alcalde-presidente fai uso da palabra e di que lle esqueceu comentar que no punto número 1 da orde do día, na proposta que se somete a aprobación, hai un erro pois nela se fala da conta xeral do ano 2021, cando a conta á que se debe referir a proposta é a do 2020, polo que se debe facer dita rectificación na acta pois foi un erro á hora de transcribir.

#### **11.- ROGOS E PREGUNTAS.**

A Presidencia pregunta aos asistentes se teñen algún rogo ou pregunta para facer.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político Alternativa dos Veciños, Sr. Mourelle Botana quen, unha vez concedido, di que ao fío do que dixo fai un anaco o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, desde o seu grupo político queren facerlle unha pregunta ao Sr. alcalde sobre que permisos e autorizacións se facilitaron ao centro ecuestre “Os Parrulos” de Sésamo pois das noticias das que dispón o seu grupo de goberno e levadas ao pleno, dito centro non dispón da preceptiva licencia de apertura para o desenvolvemento da súa actividade, sendo público e notorio que dita actividade estase a realizar, preguntando se ten licenza e que pensa facer o goberno municipal.

Responde a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra, e di que o tema polo que pregunta o Sr. Mourelle Botana está xudicializado e que será o xuíz o que neste caso determine o que procede porque o Concello

29 de 33

intentou paralizar a actividade, sendo recurrida polos interesados, e agora será o xuíz o que decida; que o Concello adoptou como medida cautelar que se paralizase dita actividade e estase á espera da resolución xudicial.

A continuación solicita o uso da palabra o concelleiro do grupo político do BNG, Sr. Méndez Mosquera quen, unha vez concedido, di que desde o grupo político do BNG de Culleredo, na súa labor de seguemento e fiscalización do goberno municipal, a pesares do que opina o Sr. Prieto, do Partido Popular, respéctase tanto á veciñanza do Concello de Culleredo que é no pleno onde os membros do BNG van dar as argumentacións (di que o Sr. Prieto pode consideralas opinións se quere, que está no seu dereito) correspondentes aos puntos incluídos na orde do día polo goberno ou por calquera outro grupo municipal; di que eles respectan tanto á veciñanza, e á Corporación e ao Pleno que consideran que é no Pleno no que deben dar as argumentacións e non na prensa como vén de dicir o Sr. Prieto pois non precisan diso e cren que primeiro é o pleno; que na súa labor da seguemento e fiscalización do goberno municipal permanecen ben atentos aos procedementos de contratación, aos poucos que desgrazadamente se publican, e rogan que se lles aclare unha situación que observan nun deses procedementos e no que xurden certas dúbidas que é o procedemento de contratación de orquestras para as festas patronais pois simplemente descoñecen a motivación, observando a plataforma de contratos do sector público, que levou a anular o anuncio dese procedemento de contratación, polo que roga se lles aclare a razón de que se tramitara a anulación dese anuncio de licitación.

Responde a Sra. Iglesias Becerra, concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, e di que descoñece como está publicado na plataforma porque non o mirou pero que si está asinado o contrato correspondente por exclusividade.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que dito contrato asinouse nun procedemento negociado por exclusividade.

O Sr. Méndez Mosquera di que el non se refire ao procedemento que se seguiu senón á anulación do anuncio desa licitación nese caso en particular pois non viron que noutros casos en que se asinaron nesa mesma semana e co mesmo tipo de procedemento foran anulados os anuncios e neste caso si, preguntando se hai algún razoamento ou se a anulación foi un erro.

Intervén o Sr. alcalde-presidente e di que van preguntar no servizo de Contratación e que lle responderán.

A continuación solicita o uso da palabra o voceiro do grupo político do BNG, Sr. Chouciño Garrido quen, unha vez concedido, di que na lista de resolucións da Alcaldía e complementariamente no listado de reparos de Intervención os membros do seu grupo ven dúas cousas relacionadas que son que hai dúas resolucións nas que se atribúen as funcións da xefatura do servizo de Obras (di que xa saben que neste momento non hai xefe do servizo de Obras) a dous funcionarios, sendo un deles, segundo o informe de reparo que fai a interventora, un funcionario interino, sobre o que di que non procede que un funcionario interino asuma ditas funcións e, despois de facer un relato das funcións que se lle están atribuíndo, entre elas conformar facturas ou mesmo os procedementos sancionadores, cuestións de moita relevancia, di que esas son funcións de carácter permanente na Administración e que non poden ser atendidas por un interino, mencionando a Lei de emprego de Galicia para xustificalo; que a outra das persoas ás que se lle delega outro dos paquetes da área é unha persoa que é contratada laboral, non funcionaria, engadindo que na Administración soamente os funcionarios poden asinar informes e exercer certo tipo de funcións, e di que para iso existen unhas leis de función pública, que para iso existe a Lei de emprego público de Galicia, e que para iso existe un contexto legal que así o establece; di que a interventora o advirte e pon dous reparos suspensivos e malia iso o Sr. alcalde, unha vez máis porque xa está acostumado, levanta os reparos e resolve que quedan atribuídas esas funcións a eses dous traballadores, o que implica que todos os actos desas persoas sexan actos administrativos en precario, engadindo que non saben con que consecuencias pero si que as consecuencias, de habelas, vanse pagar entre todos, coma sempre, polo que roga que se rectifiquen esas asignacións, que se fagan as cousas ben, que teñan en conta o informe da interventora, e lle dean a solución que teñan que darlle conforme a Dereito.

Segue a dicir o Sr. Chouciño Garrido que outra cuestión sobre a que queren falar é respecto das obras en Pablo Picasso porque no pleno anterior o voceiro de Alternativa dos Veciños preguntou (e di que o BNG tamén ía facer a pregunta pero

ao ver que se lle deu resposta á pregunta feita por Alternativa xa deron a súa por contestada) e lle dixeron que para esas obras non hai licenza nin ningunha solicitude de licenza para o que alí se estaba a facer e di que a día de hoxe se están a facer obras alí, cortándose todo o arbolado, e pregunta se se lles podería dicir que é o que se está a facer alí.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que a día de hoxe non hai obras alí, nin a día de antonte nin da semana pasada.

O Sr. Chouciño Garrido di que hoxe mesmo lle enviaron unha foto que indica que se está a retirar madeira.

O Sr. alcalde-presidente di que xa explicou que houbo unha tala de árbores e que unha máquina trituradora está a recoller todas esas ramas porque ao non poder transportar iso trouxose unha máquina especial, tarefas todas esas que entran dentro do desbroce da propia parcela; que sobre a licencia el dixo que non a había para o Lidl nin para nada porque nin sequera o Lidl era todavía o propietario da parcela e que de todos os xeitos o goberno municipal fará os requirimentos necesarios atendendo á petición do Sr. Chouciño.

O Sr. Chouciño Garrido di que o tema do Lidl o oíra nalgún sitio pero nunca oficialmente e que o que si hai alí son movementos de terra, unha actividade urbana que precisaba licenza, e lle di á Sra. Iglesias Becerra que non lle dea a cabeza e anote por favor que alí houbo un movemento de terras que requiría de licenza urbanística porque é ela a concelleira delegada de Urbanismo, e pide información sobre que se está a facer alí e que se actúe, que se xire visita para ver que se fixo e ver se o feito se axusta á legalidade ou, caso contrario, se lle requira a quen o fixo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que respecto da atribución de funcións hai que ter en conta que as atribucións que se fan son temporais e que no momento en que se incorpore ao posto un funcionario de carreira ditas atribucións ou parte delas se perden, ocorrendo que neste momento non hai ningún funcionario de carreira adscrito a dito departamento e di que el non levanta reparos sen que haxa un sustento técnico dos mesmos.

O Sr. Chouciño Garrido di que o feito de que non teña o Sr. alcalde unha solución non quere dicir que poida aplicar a que non vale, e di que conta con funcionarios para axudarlle a buscar unha solución.

O Sr. alcalde di que si se pode facer, que hai un criterio e hai outro criterio, sendo todos respectables.

A continuación solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que o primeiro rogo que trae o seu grupo político é relacionado co despregue da fibra no rural e di que o pasado mes presentaron unha moción institucional, chegando a un acordo entre todos os partidos, comprometéndose a que na xunta de voceiros do presente mes o goberno municipal traería un resumo de todas as actuacións levadas a cabo, sendo a súa sorpresa que o Sr. alcalde non foi á dita xunta de voceiros e que a Sra. alcaldesa en funcións non levou informe de Alcaldía ningún e a voceira coa que os distintos grupos estiveran negociando a moción institucional tampouco levou nada, comprometéndose a chamar aos distintos voceiros o seguinte martes sen que o fixera, o que lles parece unha falta de respecto tanto aos veciños como aos membros da oposición, tal como lle dixeron na xunta de voceiros, rogando se dea unha explicación de como está ese tema e que actuacións se levaron a cabo.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que iso foi un acordo plenario do mes pasado e que como tal é de obrigado cumprimento pero non houbo tempo material para facer o informe correspondente, habendo algunha reunión cos departamentos que poderían estar implicados pero vai ser necesario contar cunha asistencia exterior para concretar algúns aspectos pois a persoa que podería entrar na parte técnica non se atopa; que pide disculpas pola situación pero tanto en Secretaría como en Intervención xa se están adaptando aos postos e por iso non se puido facer doutra forma nin traelo á sesión que se está a celebrar, agardando poder telo na vindeira sesión que se convoque; que o que si indican os técnicos é que non se dan casos como o proposto noutros concellos e non atopan unha situación parecida en ningún, facéndose unha consulta verbal na Deputación provincial e din tamén que non atopan ningún argumento xurídico que poida sustentar iso, o que non indica que non se poida facer e iso é o que se está tratando de dirimir porque puidera ser que a idea fora moi boa e que non fora aplicable no Concello de Culleredo; que unha das solucións que daban, pola

liberdade que existe en canto á utilización das canalizacións, é que calquera empresa en materia de telecomunicacións podería estender a fibra sen problema, e di que xeralmente o fan porque están suxeitas a subvencións, e que hai particulares en zonas nas que hai unha certa distancia entre o último punto de comunicación de fibra e o domicilio que optaron por ditas empresas privadas, moitas delas galegas, que prestan ese servizo; que, en todo caso, aínda non se chegou a unha conclusión xurídica sobre se se pode facer tal como indica a moción institucional que se acordou.

A continuación o Sr. Chouciño Garrido indica que os membros do seu grupo político quérense sumar á solicitude do Partido Popular porque comparten todo o argumentario e, efectivamente, na Xunta de Voceiros foi inconcebible que non se levara nada e repite o que xa dixo nela respecto de que non é tan complicado abrir un expediente e poñerlle o número correlativo que corresponda e solicitar os informes pertinentes, tal como se fai con todas as cuestións que van ao Pleno, que se inician cun escrito que di que se remite á asesoría xurídica, ou ao servizo económico, ou ao servizo técnico, unha solicitude de informe, e o que se pronuncia igual di que o tema necesita algo máis específico e pode suxerir que o faga un servizo externo, pero neste caso non se fixo nada diso e por todo isto é polo que o BNG se suma ao rogo do Partido Popular e pide que se xa houbo un mes de retraso que non haxa dous.

De seguido solicita o uso da palabra a voceira do grupo político popular, Sra. García Gorostizu quen, unha vez concedido, di que outro dos rogos que trae o seu grupo é sobre o terreo de Orro, o da antiga granxa Paradela, pois a mesma persoa que usou o Monte Costa como vertedoiro tamén está usando estes terreos para movemento de terras, e di que lle sorprende que o Sr. Rioboo, que xa ten experiencia neste tema e que levou á Fiscalía ao Sr. Sacristán por algo similar, permita agora isto, a pesar de que na prensa saíu que o Sr. Rioboo ordenou o precinto e paralización de calquera actividade no Monte Costa á espera da práctica de probas que puideran determinar a existencia ou non dun delito, indicando agora o Sr. Rioboo en prensa que vai recurrir á APLU como un acto de renuncia ao exercicio de competencias municipais en materia de disciplina urbanística (e di ela que un lavarse as mans para quedar ben cos que actuaron desa forma), e lle pregunta ao Sr. alcalde en que se basea para dicir que se vai dirixir á APLU para ese tema e se foi iso o que lle aconsellaron os técnicos do Concello, engadindo que ela leva tres semanas agardando a que poñan á súa disposición o expediente e non hai maneira, indicando a continuación que o artigo 156 da Lei do solo de Galicia indica que a APLU actúa para usos prohibidos en solo rústico e que o movemento de terras é un uso permitido en solo rústico polo que a APLU non pode actuar e é competencia municipal; que o movemento de terras é un uso permitido con licencia municipal polo que a competencia é local polo que di que está segura de que a APLU lle devolverá o expediente cando o Concello llo remita; que o artigo 50 do Decreto 143 do 2016 regula o alcance do movemento de terras e pregunta se o goberno municipal verificou que dito movemento de terras cumpre co establecido por eses artigos, asegurando ela que non o fai e roga que se suspenda a obra ao abeiro do artigo 152 e precinte o terreo, que impida estacionar vehículos na parcela, que inicie un expediente de reposición da legalidade e que tramite as sancións oportunas.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o expediente desas parcelas está iniciado desde fai bastante tempo e segue o procedemento administrativo e di que non é só esa parcela porque hai máis parcelas na zona de Orro non sabendo exactamente a cal delas se refire a Sra. García Gorostizu porque hai tres parcelas.

Responde a Sra. García Gorostizu e di que se refire á da finca Paradela, onde estaba a granxa.

O Sr. alcalde-presidente di que o goberno municipal xa iniciou os expedientes como se teñen que iniciar e contan con informes favorables do arquitecto municipal; que respecto do terreo de referencia enviouse ao Seprona, á Policía local, chamando incluso á Policía autonómica para que fixeran comprobacións da paralización ordenada e está todo no expediente, estando agora á espera de que se dite resolución; que se produciron verquidos noutras parcelas que se correlacionaron con permisos que se deron da Xunta de Galicia para acopio de material provisional por mor do inicio da obra na DP-0510; que o permiso existía por parte da Xunta de Galicia o que se determina é que habería que enviar o expediente ao APLU por se puideran ter algunha competencia o respecto pero noutras parcelas, non na referida pola Sra. Izaskun García.

A Sra. García Gorostizu pregunta se na parcela da granxa Paradela se fixo algunha actuación.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o goberno municipal está co expediente aberto e se determinará se hai que iniciar reposición de legalidade ou se se meteron alí os metros cúbicos permitidos ou calquera outra cuestión e cando se peche o expediente a conclusión será determinante para saber a resolución.

A Sra. García Gorostizu pregunta que se vai facer con dita parcela namentres non se resolve o expediente e se se vai precintar.

Responde o Sr. alcalde-presidente e di que o Concello non pode precintar a parcela.

A continuación solicita o uso da palabra a concelleira do grupo político do PSdeG-PSOE, Sra. Iglesias Becerra e, dirixíndose á Sra. García Gorostizu, dille que sabe perfectamente que cando fixo a solicitude a fixo en nome propio e non como representante de ningún partido político e que ela mesma llo dixo para que puidera facer a solicitude en debida forma e poderlle contestar nos prazos establecidos para elo pois do contrario terá que agardar a súa quenda como os demais cidadáns de Culleredo; que o goberno municipal está a facer todo o posible para que se repoña a legalidade en ditas fincas pero non se pode prescindir dos expedientes administrativos pois, tal como dixo o Sr. alcalde, hai diversas parcelas e en todas elas se está a seguir un procedemento e, concretamente na finca na que estaba a granxa Paradela, referida pola Sra. García Gorostizu na súa intervención e non no escrito que a nivel persoal presentou solicitando información, existiu no seu momento unha licenza municipal e agora enviouse xa en varias ocasións á Policía local, Policía autonómica, Seprona, etc., para que fixeran as comprobacións oportunas a requirimento de informes técnicos municipais, do arquitecto municipal, e sempre dixeron que se estaba a realizar a actividade correctamente ata un momento no que se puxo de manifesto que sobrepasaran o límite temporal e a altura e que por ese motivo non podían continuar exercendo a actividade e se solicitou unha nova licenza que está sen informar no momento no que fala; di que no seu momento xa se intentou abrir un procedemento de reposición da legalidade e non se conseguiu, solciitándose novos informes xurídicos que están pendentes pero xa adiantaron que como os recheos que se están a facer actualmente en solo rústico non contan con licenza haberá que remitilos á APLU para a súa tramitación por dito organismo.

A Sra. Izaskun García di que cando a actividade está permitida a competencia é exclusiva municipal, non tendo que actuar a APLU nese caso.

A Sra. Iglesias Becerra intervén e, felicitando á Sra. García Gorostizu polos seus coñecementos administrativos, di que o goberno municipal delega todas esas cuestións nos servizos xurídicos que son os que din o que hai que facer.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e cinco minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Vº e praxe,  
O Alcalde-Presidente  
(asinado dixitalmente)